

# ***CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL***

## ***SECCIÓN 11***



---

## **1. COMPETENCIAS**

---

O Estatuto de autonomía para Galiza establece, por unha banda, que “de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1,11 e 13, da Constitución, a competencia exclusiva da agricultura e a gandería” (artigo 30.1.Tres), e, por outra, que “no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución; o réxime das fundacións de interese galego; das cámaras agrarias, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución”. Así mesmo, tamén recolle que “é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma establece das entidades cooperativas” (artigo 28.sete).

O traspaso dos servizos do Estado a Galiza nas devanditas materias foi efectuado polos Reais decretos que se expoñen de seguido:

1. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo de 1982: consolidación de transferencias efectuadas en fase preautonómica.
2. Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo de 1982: reforma e desenvolvemento agrario.
3. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo de 1982: agricultura, gandería e pesca.
4. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro de 1982: denominacións de orixe, viticultura e enoloxía e ensinanzas profesionais náutico/pesqueiras.
5. Real decreto 3424/1983, do 28 de decembro de 1983: investigación agraria.
6. Real decreto 999/1984, do 28 de marzo de 1984: agricultura e gandería (valoración definitiva e ampliación).
7. Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro de 1985: sementes e plantas de viveiro.
8. Real decreto 795/1985, do 30 de abril de 1985: sociedades agrarias de transformación.

9. Real decreto 1099/1985, do 5 de xuño de 1985: centros nacionais de selección e reprodución animal.
10. Real decreto 1124/1985, do 30 de abril de 1985: reforma e desenvolvemento agrario (ampliación e valoración definitiva).
11. Real decreto 1462/1989, do 1 de decembro de 1989: agricultura (ampliación).
12. Real decreto 1632/1994, do 19 de abril de 1994: laboratorios agrarios e de sanidade e de produción animal.
13. Real decreto 2164/1994, do 4 de novembro de 1994: cámaras agrarias.
14. Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro de 1994: defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.
15. Real decreto 92/1996, do 26 de xaneiro de 1996: agricultura (ampliación): FEAGA (antigo SENPA).
16. Real decreto 93/1996, do 26 de xaneiro de 1996: agricultura (ampliación): desenvolvemento rural.
17. Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo de 1996: encomenda de xestión sobre intervención e regulación de mercados.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galiza. A nova Consellería do Medio Rural é desde entón o órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural que engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, montes e prevención e defensa dos incendios forestais, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e industrias agroalimentarias.

A fin de poder desenvolver acadamente as devanditas competencias, ten adscrito o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, creado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e o Fondo Galego de Garantía Agraria, regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, modificado polo Decreto 388/1996, do 31 de outubro.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006**

---

### **2.1 DA CONSELLERÍA**

Os obxectivos fundamentais para o ano 2006 da Consellaría do Medio Rural son os de contribuir de xeito eficaz á valorización do medio rural, profundizar no desenvolvemento endóxico sostíbel que permita fixar poboación activa no rural, acometer o desenvolvemento rural de xeito integral e incidir na prevención dos incendios forestais, non só desde a loita contra os incendios, senón actuando para tentar evitar que o lume se produza.

As liñas prioritarias a desenvolver son:

1. O rexuvenecemento das persoas con actividade desenvolvida no medio rural como base imprescindible para garantir a continuidade nas explotacións agrarias, mediante a primeira instalación de agricultores mozos, favorecendo o relevo na actividade agraria, así como a mellora das condicións de traballo de agricultores e gandeiros.
2. A mellora da estrutura das explotacións, a redución dos custos de produción e o fomento da diversificación das actividades agrarias mediante as axudas para a realización de investimentos.
3. A mobilidade de terras agrarias, con medidas destinadas a reformar e ordear as estruturas agrarias de Galiza, favorecendo a mobilidade da terra de maneira que as explotacións agrarias dispoñan das fincas infrautilizadas e aumenten a súa base produtiva.
4. O desenvolvemento económico integral do medio rural por medio da diversificación económica e a modernización do tecido produtivo rural.
5. A implantación de sistemas produtivos que utilizan técnicas respectuosas co medio ambiente, especialmente as producións integradas, ecolóxicas e as tradicionais-artesanais labregas.

6. A actuación integral en materia de prevención de incendios forestais sobre o monte galego, implementando un conxunto de accións dirixidas directamente aos terreos forestais que atenúe o risco de incendios forestais: planificación de infraestruturas (sendas, pistas, cortalumes, depósitos de auga, etc.), ordenación dos usos do monte, definición de zonas de seguridade libres de matogueira preto das zonas habitadas, restauración das zonas degradadas polos incendios forestais.
7. A integración da política forestal no desenvolvemento rural e o deseño e aplicación dunha política forestal racional baseada na diversidade de especies forestais.
8. A incentivación dos réximes asociativos de propiedades agrarias e forestais, con vistas á cooperación entre propietarios no desenvolvemento dos traballos e o aproveitamento de infraestruturas e equipamentos conxuntos. Especificamente reforzarse a capacidade das comunidades de montes veciñais en man común para mobilizar produtivamente as súas terras.
9. O impulso do protagonismo e a equiparación dos dereitos da muller no ámbito agrario.
10. A mellora, consolidación e sostemento dos niveis sanitarios das explotacións agrarias e do control de calidade e seguridade das producións.
11. A reestruturación e reconversión do viñedo e a correcta xestión do potencial vitícola orientando cara á calidade con énfase na recuperación das superficies abandonadas.
12. Os estudos conducentes á ordenación produtiva agraria de Galiza.
13. A potenciación da agricultura e gandería ecolóxicas, dentro das medidas de acompañamento da PAC, e a orientación das explotacións agrarias cara a unha agricultura sostíbel e multifuncional.
14. Potenciación das organizacións interprofesionais e de mecanismos de fixación de prezos agrarios transparentes, consensuados entre o sector produtor e transformador e que erradique as súas oscilacións coxunturais.
15. Apoio á integración de entidades de base cooperativa, e ao fomento de entidades asociativas de produtores con obxecto de comercializar directamente a súa produción.

16. Impulsar o establecemento e desenvolvemento de grupos agroalimentarios de capital galego nas producións lácteas, cárnicas e hortícolas de Galiza e apoiar a súa penetración nos mercados próximos.
17. Apoio á consolidación e mellora tecnolóxica da industria transformadora da madeira en Galiza con vistas ao peche da cadea de transformación no noso país.
18. A mellora da formación permanente dos agricultores e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas coma ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos técnicos agrarios da consellaría dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias.
19. O incremento dos recursos destinados á investigación e innovación no eido agrario, asegurando a conexión dos centros de investigación cos produtores e as industrias, así como cos restantes centros de investigación na materia.
20. O establecemento dun marco estábel e transparente de apoio ás organizacións profesionais agrarias de acordo coa representatividade social, actualizando a tal fin as axudas con fondos públicos para que lles permita exercer acaidamente as funcións de interlocución e vertebración social do sector que lles corresponden.
21. O achegamento, a transparencia e a colaboración da Administración cara aos agricultores, a redución da burocracia administrativa e a axilidade na tramitación das solicitudes que dirixan á Consellaría do Medio Rural ou as entidades dependentes dela.

## 2.2. DO ORGANISMO AUTÓNOMO

### *FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)*

O Fogga creouse pola Lei 7/1994, do 29 de decembro -coa denominación actual establecida pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro-, desenvolvida logo polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo.

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2006 os seguintes:

1. Levar a termo as funcións inherentes a súa condición de organismo pagador dos fondos FEOGA-Garantía, pagando e contabilizando os importes das axudas con cargo ao antedito fondo.
2. O desenvolvemento das axudas da PAC en Galiza tendo en conta a súa última reforma. A tal fin, executará as accións necesarias para a concesión das axudas, primas gandeiras e restitucións con cargo á Política Agrícola Común, segundo o establecido nas distintas organizacións comúns de mercados (OCMs), agás para as medidas de acompañamento, apicultura e reestruturación e reconversión do viñado.
3. Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEOGA-Garantía, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións dictadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Ademais, realizará controis para a distribución gratuita de alimentos.
4. Realizar as accións destinadas a mellorar a competitividade do sector lácteo e gandeiro, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo Fogga que operan no sector agropecuario.

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### *XENÉTICA FONTAO, S.A.*

A sociedade pública Xenética Fontao, S.A. ten como obxecto social, de acordo co Decreto 265/1997, do 18 de setembro, a prestación de toda clase de asesoramento e servizos a persoas físicas ou xurídicas e a organizacións dedicadas á mellora xenética. A través do Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reproducción Animal de Fontao-Lugo, constituídos por inmobles, animais e material xenético.



Os obxectivos que se pretenden para o vindeiro ano 2006, son os seguintes:

1. Comerciais.
  - A) Estruturación e asentamento da rede de distribución en España e Portugal
  - B) Afianzamento dos acordos de comercialización coas empresas en terceiros países.
2. Unidade de produción.
  - A) Ampliación e renovación de instalacións, fundamentalmente medidas de cara ao medio ambiente.
  - B) Valoración de máis de cincuenta sementais de raza frisona, potenciando a valoración de machos nados en explotacións galegas.
  - C) Establecemento dun sistema de control da descendencia dos sementais en proceso de valoración e localización de animais xeneticamente sobresaíntes.
  - D) Publicidade e difusión entre os gandeiros de Galiza.
3. Liñas de investigación-desenvolvemento-innovación.
  - A) Avaliación da fertilidade de semen bovino por medio de métodos obxectivos.
  - B) Prestación de servizos de novas técnicas moleculares: análise de filiación nas especies ovina, cabrúa e canina, detección dos xenotipos sensibles ao “scrapie” en reprodutores ovinos.
  - C) Desenvolvemento dos acordos de colaboración coas indicacións xeográficas protexidas (IXP) para a realización de trazabilidade nos produtos cárnicos con base no ADN.

### *SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALIZA*

A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza, é un órgano técnico de apoio para a planificación e o desenvolvemento territorial integrado, a través da organización comarcal de Galiza, e para a promoción dos recursos endóxenos. Neste ano estarán en funcionamento quince centros comarcais nas seguintes comarcas: Deza, Terra de Trives, A Ulloa, O Salnés, Terra de Celanova, O Ribeiro, Bergantiños, Ordes,

Terra de Caldelas, Terra de Lemos, O Carballiño, Valdeorras, Tabeirós-T. de Montes, A Paradanta e A Mariña Occidental. Así mesmo, ao longo de 2006 orientaranse as actuacións da sociedade cara a procura do fomento das actividades produtivas no medio rural e do seu desenvolvemento endógeno integral.

As previsións para o ano 2006 enmárcanse nas liñas de traballo que ten fixadas a sociedade tanto no referente á elaboración de estudos, comarcais e/ou específicos, coma no referente á planificación a través dos plans estratéxicos comarcais, á preparación de proxectos de desenvolvemento e á súa posta en marcha e seguimento.

Para o ano 2006, e enmarcado dentro dos aspectos e prioridades establecidos pola sociedade comarcal nos seus estatutos, preténdese transformala nun instrumento áxil capaz de proporcionar información sobre o territorio e de elaborar estudos e proxectos encamiñados a promover o desenvolvemento a nivel comarcal, en base aos seguintes obxectivos:

1. A posta en marcha de accións que favorezan a integración e fixación da xente moza ao medio rural mediante as seguintes accións e actuacións:
  - A) Iniciativas encamiñadas á reconstrucción, rehabilitación de zonas rurais deshabitadas mediante a identificación destas zonas e elaboración de estudos complementarios.
  - B) Promoción e diversificación dos recursos produtivos locais cara a actividades innovadoras e a súa divulgación.
  - C) Dar a coñecer a rica e complexa realidade cultural, produtiva, medioambiental, artesanal e turística de cada comarca.
  - D) Accións de infraestrutura e desenvolvemento local e comarcal na procura da mellora do medio rural.
  - E) Xunto coa área de promoción, equipamento e posta en funcionamento dos centros de Caldas e o da Mariña central.
  - F) Asistencia técnica ao mantemento dos centros en funcionamento.
2. Elaboración e redacción de proxectos técnicos e de plans estratéxicos comarcais, así como de estudos e diagnósticos territoriais.

3. Acometer proxectos integrados de promoción e innovación dos recursos comarcais, de recuperación do patrimonio e da cultura local.
4. Elaboración de proxectos europeos de desenvolvemento e presentación deles aos organismos pertinentes. Estanse a xestionar os seguintes proxectos: Inditrans, Inditrans II, Sign, Empleocities, Malaria-Prisma, Traslatio, Coastatlantic e Cantata. Pendentes de resolución atópanse: Via Culturae, Traslatio II, Sign II, Ceder, Ecocultura, Aquaraia, Proaltec, Inditrans III, Aect e Ctdp.
5. Desenvolver o Programa de dinamización sociolingüística das comarcas, mediante a realización e execución do Programa de actividades inicialmente previsto.
6. Xestión e explotación do SITGA como centro de produción cartográfica e de información do territorio da Xunta de Galiza:
  - A) Xestión integral da información territorial mediante a tecnoloxía GIS.
  - B) Mantemento e actualización das bases cartográficas do SITGA.
  - C) Xestión dos bancos de datos territoriais.
  - D) Desenvolvemento de aplicacións GIS.
  - E) Explotación do arquivo de imaxes fotogramétricas e de satélite.
  - F) Mantemento do servidor de cartografía do SITGA como nodo principal da infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).
  - G) Publicación dixital e analóxica de produtos cartográficos.
7. Execución do Proxecto toponimia de Galicia.
8. Desenvolvemento dos convenios de cooperación cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, cos concellos e con outras administracións en materia de información xeográfica.
9. Desenvolvemento dos plans nacionais de ocupación de solo e de ortofotografía aérea.
10. Potenciar iniciativas comarcais destinadas a promoción de microempresas, e á creación de emprego, principalmente para colaborar na fixación da poboación xoven no territorio.
11. Potenciar as funcións dos centros comarcais como centros de innovación, prestación de servizos e desenvolvemento das comarcas galegas.

### 2.3.1. ENTES DE DEREITO PÚBLICO

#### *AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL*

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo. De acordo co establecido nesta disposición e no artigo 12.1.b do Decreto 1/99, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, configúrase como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei ten que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado, atopándose polo tanto encadrada dentro da clasificación de sociedades públicas da Comunidade Autónoma.

No capítulo V do Título III do citado Decreto 1/99, recóllense as normas de especial aplicación ás sociedades públicas no referente aos seus orzamentos, establecéndose no seu artigo 83 a obrigatoriedade de elaborar anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento que permita apreciar os obxectivos que vai conseguir a sociedade a medio prazo e no exercicio orzado.

Ademais de calquera outra acción que teña por obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica e á modernización do tecido produtivo rural, de conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, a axencia ten para o exercicio 2006 os seguintes obxectivos:

1. En primeiro lugar a xestión, control e seguimento de programas europeos Leader + e Proder II e do programa Agader. Sendo 2006 o último exercicio no que se poden asinar contratos para a execución de proxectos financiados con fondos europeos dedicárase un esforzo adicional á dinamización dos grupos de acción local que xestionan ditos programas mediante un seguimento especial daqueles grupos que presenten maiores dificultades.

2. Impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento. Neste marco encádranse os seguintes programas:
  - A) Programa Equal-Ilder “Inserción laboral para o desenvolvemento rural” que ten como finalidade a mellora do emprego da poboación rural da Comunidade Autónoma, favorecendo a adaptabilidade das Pemes e dos traballadores aos efectos da progresiva implantación das tecnoloxías da información.
  - B) Programa de subvencións a proxectos innovadores que presenten os grupos de acción local en colaboración con entidades públicas ou privadas que, en calquera sector da actividade promovan a valorización e explotación de recursos endóxenos dos territorios rurais.
  - C) Programa de embelecemento de núcleos rurais co obxectivo de facer do medio rural un lugar atractivo para a realización de investimentos que contribúan a mellorar as condicións de vida e frear o despoboamento.
3. Elaboración e posta en marcha de proxectos de desenvolvemento rural en ámbitos que resultan estratéxicos para a finalidade da axencia.

---

### ***3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006***

---

#### **PROGRAMA 611A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE AGRICULTURA**

##### **1. Descrición.**

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellaría, e co obxectivo de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos agricultores e en xeral aos cidadáns que se relacionan coa administración competente en materia agraria e forestal.

## 2. Actividades.

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central coma periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Tramitación de investimentos novos e de reposición, para os servizos centrais e periféricos da consellaría, así como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
4. Modernización e informatización dos servizos centrais e periféricos da consellaría.
5. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da consellaría e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
6. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellaría.
7. Tramitación de toda a produción normativa no eido agrario e forestal da Xunta de Galiza, así como das ordes de subvencións e axudas agrícolas, gandeiras e forestais e en materia de desenvolvemento rural.
8. Concesión de axudas públicas ás organizacións profesionais agrarias representativas do sector en Galiza e dotación de fondos para a posta en marcha e funcionamento de órganos institucionais de interlocución e participación do sector agrario.

## 3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Secretarías das delegacións provinciais.

## **PROGRAMA 612A. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA**

### 1. Descrición.

A existencia de estruturas asociativas ten grande importancia no agro galego por favorecer a prestación de servizos técnicos, económicos e sociais ás explotacións, así como por garantir aos produtores socios a venda das súas producións e a participación

no seu valor engadido se hai transformación industrial. Todo iso favorece a viabilidade das explotacións agrarias e mellora a calidade de vida dos produtores e das súas familias, creando emprego, e contribuíndo con iso ao desenvolvemento rural e a fixación da poboación nesas zonas.

A fin de atinxir estes obxectivos están previstas neste programa actuacións de potenciación do asociacionismo agrario, especialmente no campo cooperativo. Adicionalmente neste programa contéplanse tamén accións de mellora na formación dos titulados en especialidades agrarias, necesarias para o achegamento destes técnicos á realidade do agro galego.

## 2. Actividades.

1. Xestión de axudas para as organizacións profesionais agrarias e as agrupacións de produtores agrarios.
2. Xestión de axudas á creación, formación e consolidación do asociacionismo agrario.
3. Xestión de axudas para potenciar o asociacionismo na utilización da maquinaria, innovacións e equipamentos agrícolas.
4. Xestión de axudas para a realización de prácticas profesionais.

## 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

# **PROGRAMA 612C. DINAMIZACIÓN, VALORIZACIÓN E FIXACIÓN DE POBOACIÓN DO MEDIO RURAL**

## 1. Descrición.

A política para o medio rural estará centrada na formación e sensibilización da sociedade agraria, así como todos os axentes sociais e económicos implicados no desenvolvemento do medio rural dun xeito integral.

É vontade do Goberno, e para iso se instrumenta este programa, comezar a construír un futuro diferente para a agricultura e o medio rural galego e restablecer a recuperación do liderazgo da propia sociedade rural, comprendendo que a economía que move o sistema agrario é a base principal para potenciar o sostemento do medio rural, e en todos os seus aspectos: económico, social e ambiental.

O obxectivo é amortecer o ritmo de caída da poboación ocupada nas actividades agrarias e o despoboamento das zonas rurais unido á renovación xeracional e ao rexuvenecemento dos activos agrarios e á elevación do seu nivel de formación, a través da creación de producións alternativas e/ou complementarias.

## 2. Actividades.

1. Promover o relevo xeneracional e a fixación de poboación no medio rural en base á potenciación da actividade agraria, que persigue fundamentalmente incrementar a dimensión económica e física das explotacións, obtendo ao mesmo tempo o rexuvenecemento da poboación activa agraria.
2. Impulsar a mellora das estruturas agrarias e modernización das explotacións, que inclúe as seguintes actuacións:
  - A) Axudas a investimentos para plans de mellora.
  - B) Axudas á instalación de mozos e mozas agricultores.
  - C) Axudas a agrupacións de agricultores.
  - D) Abandono da produción láctea e readxudicación ou compra de cota por outras explotacións.
3. Reforzo da base económica das zonas rurais por medio do desenvolvemento do seu potencial agrario, a consolidación do emprego agrario e do impulso doutras actividades que xeren empregos estábeis no medio rural.
4. Pular pola progresiva equiparación na provisión de servizos no medio rural, colaborando con outras administracións para reducir as diferenzas en canto ao acceso a determinados servizos públicos por parte dos habitantes do rural respecto dos residentes en zonas urbanas.



5. Apoio á implantación e ao desenvolvemento do sector agroindustrial no medio rural, fomentando as iniciativas empresariais que incrementen o valor engadido derivado dos produtos agrarios e forestais.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

## **PROGRAMA 613A. SANIDADE VEXETAL E ANIMAL**

### 1. Descrición.

O programa no seu conxunto trata de incrementar a produtividade nas explotacións agrarias mediante a loita contra os axentes nocivos e, ao mesmo tempo, controlar a calidade e a seguridade das producións, buscando sempre aquelas medidas menos lesivas do medio ambiente, dos animais e dos vexetais, conducindo a produción de tal xeito que, banda, sexan eliminados os residuos dos produtos agrarios e, por outra, se poida garantir unha calidade sanitaria para o consumidor.

Diferentes razóns de tipo económico, sanitario e social obrigan a poñer en marcha programas sanitarios que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, incrementar a calidade das producións e a rendibilidade das explotacións, así como protexer a saúde pública evitando a transmisión destas enfermidades animais, tanto ás persoas que conviven cos animais, como ao consumidor dos produtos de orixe animal. Como unha consecuencia máis e obxectivo final desa mellora das producións gandeiras, está incrementar a calidade de vida e a fixación da poboación no medio rural.

## 2. Actividades.

1. Execución de programas de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose, brucelose) que teñen como base a normativa legal a nivel estatal, enmarcada en programas estatais aprobados pola Unión Europea de forma particularizada para cada Estado membro da Unión Europea e para cada enfermidade, determinando as actuacións que se cofinancian. Algúns destes programas foron implantados como obrigatorios xa desde hai tempo, pero tiveron unha favorábel acollida entre os gandeiros e permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades a uns límites que poderíamos considerar, hai anos, como inatinxíbeis. Así, contarnos cun elevado número de explotacións libres desas enfermidades é o punto de partida para formular outros programas sanitarios e, o que é máis importante, contarnos con animais sans, permítenos aplicar programas de mellora produtiva a través dos que se optimicen os recursos naturais dispoñíbeis para a súa alimentación.
2. Programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, implantado de forma máis recente e que terá unha especial incidencia, dado que a súa erradicación suporía unha notábel melloría nas condicións de produción e comercialización no sector porcino. Tamén se pretende traballar noutros como o de influenza, salmonelose, etc..
3. Desenvolvemento e execución doutros programas específicos dunha especie animal e actividade produtiva, como o Plan apícola enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un real decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEOGA-Garantía.
4. Actuacións enmarcadas no obxectivo do proxecto da medida 7.8.2. do Programa Operativo de Galiza 2000-2006: mellora sanitaria dos animais, as súas producións e o seu contorno. Trátase de actividades de prevención, control, investigación, vixilancia e seguimento de determinadas enfermidades non suxeitas a erradicación obrigatoria, pero de grande repercusión económica para os sectores produtivos e con gran transcendencia sanitaria.

5. Consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG) e a súa extensión a outras especies gandeiras distintas da porcina, respecto das que xa son tradicionais e á vista da probada eficacia na prevención e contención de epizootias.
6. Implantación de medidas tendentes a reforzar de xeito integral a sanidade animal das explotacións gandeiras galegas (identificación e rexistro dos animais, actividades e sistemas de xestión da información sanitaria e de identificación, etc...). No ano 2006 será establecido un novo sistema de identificación e rexistro dos animais ovinos conforme coa normativa vixente. Así mesmo, son importantes as actuacións relativas ao benestar animal e ás condicións en que son explotados os animais. Todo iso preténdese levar a cabo mantendo unha rede epidemiolóxica de prevención sanitaria que conte con todos estes elementos citados.
7. Implantación de medidas a fin de garantir, na medida do posíbel, a transparencia dos sistemas de produción de cara á protección do consumidor e da economía do propio sector produtor, por medio de controis integrais efectuados sobre todos os pasos que interveñen na alimentación animal (residuos, materias primas, establecemento de intermediarios, comercializadores de medicamentos veterinarios, fábricas de pensos, etc.).
8. Modernización e mellora na eficacia dos laboratorios de sanidade e produción animal a fin de permitir o apoio e execución das actividades de prevención, erradicación e control descritas.
9. Contrarrestar e atenuar as consecuencias económicas para os sectores produtivos, fabricantes e intermediarios comercializadores, das situacións de alarma sanitaria producidas pola difusión dunha enfermidade contaxiosa nos animais (febre aftosa) ou a detección de substancias perigosas para as persoas en produtos de orixe animal (dioxinas, EEB, etc...). Así, dada a súa transcendencia e importancia, para o tratamento de todas as incidencias que se derivaron da declaración da enfermidade encefalopatía esponxiforme bovina en Galiza, foi preciso poñer en marcha actuacións co fin de ofrecer calidade e seguridade na cadea alimentaria. Neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados

das labores de diagnóstico da enfermidade para garantir que se descarta a presenza da enfermidade en cada canal que é liberada ao consumo, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras e axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.

10. Reforzo da protección de cultivos vexetais a través de programas integrados de loita, comezando por xerar unha infraestrutura, tanto de innovación técnica coma humana, capaz de establecer un sistema de predición do potencial de risco da epidemioloxía das posibles pragas e enfermidades dos cultivos de Galicia, para poder garantir o control eficaz e unha correcta utilización das distintas técnicas de loita, especialmente no coidado da utilización de fitofármacos para evitar problemas de contaminación ambiental e eliminar os posibles residuos derivados dun emprego incontrolado. Tamén evitar a entrada de organismos nocivos (de corentena) respecto dos que Galiza está exenta.
11. Realización dun estudo de cobertura de estacións agroclimáticas para a implantación da “Rede de Estacións de Avisos Fitopatolóxicos de Galicia”, que xunto cos datos semanais de seguimento dos ciclos biolóxicos dos fitopatóxenos, fauna útil, e estado fenolóxico dos cultivos, poden aconsellar preventivamente actuacións de control integrado.
12. O desenvolvemento de sistemas produtivos de calidade e sanidade contrastada tales como a produción integrada e a agricultura ecolóxica na procura da seguridade alimentaria. Coa fin de acadar unha dinamización óptima no sector agrario realizaranse os estudos e traballos conducentes a un coñecemento fiel da realidade produtiva agraria e as súas potencialidades. Con esta base poderanse establecer as estratexias oportunas para que os sistemas produtivos desenvoltos propicien unha revalorización dos produtos a través da política de defensa da calidade, ademais de diferenciar e tipificar os ditos produtos nas súas zonas naturais de produción.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección.Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

## **PROGRAMA 614A. ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA**

### **1. Descrición.**

Este programa ten por obxecto, dentro do marco da PAC, a realización de accións que inciden no incremento da rendabilidade das explotacións, así como na compensación da perda da renda, ben polo emprazamento da explotación ou pola aplicación de medidas agroambientais.

Tense en conta a necesidade de ampliar a información dispoñíbel sobre a produción agraria para a toma de decisións futuras en canto as liñas de actuación, tanto en materia de produción agraria como en infraestruturas e actividades alternativas ou complementarias.

A potenciación das producións complementarias e/ou alternativas é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias. Deberase desenvolver axustándose ás potencialidades particulares das distintas áreas e aos novos métodos de produción integrada e ciclos produtivos integrais, apostando polos produtos diferenciados asociados á imaxe de calidade e coidando as transformacións industriais e as canles de distribución e comercialización. A investigación agronómica e de mercado é un elemento esencial neste ámbito.

Así mesmo, no que atinxe á protección de cultivos por medio de programas integrados de loita, é necesario garantir o control eficaz e unha correcta utilización dos produtos para evitar problemas de contaminación ambiental e eliminar os posíbeis residuos derivados dun emprego incontrolado.

A estratexia das producións tradicionais-artesanais con base labrega así como a produción integrada e da agricultura ecolóxica, propiciará unha revalorización dos produtos a través dunha política de defensa da calidade, non só organoléptica, senón de salubridade, ademais de diferenciar e tipificar os devanditos produtos e as súas zonas naturais de produción.

## 2. Actividades.

1. Fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que os agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes dos seguros como un instrumento que lles permita afrontar as perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos como a climatoloxía ou as pragas e enfermidades. Inclúe a liña de seguros destinada a cubrir os gastos de recollida e destrución de animais mortos nas explotacións (MER) en tódalas especies.
2. Medidas de fomento para a reestruturación dos viñedos para agricultores que desexen substituír os seus viñedos constituídos por variedades non preferentes, por variedades autóctonas ou recomendadas, así como renovar os seus viñedos envellecidos ou mudar o marco de plantación e os sistemas de condución, mellorando a súa produtividade e calidade.
3. Incremento do valor engadido das producións agrícolas e a súa calidade mediante a recuperación de variedades autóctonas. Divulgación dos resultados de ensaios realizados con estas variedades.
4. Indemnización compensatoria de zonas desfavorecidas e potenciación das medidas agroambientais, especialmente a agricultura e gandería ecolóxica.
5. Actuacións de desenvolvemento do Programa de mellora gandeira:
  - A) Investimentos directos en infraestruturas, materiais e persoal para o progreso xenético da cabana gandeira galega e conservación dos recursos zootécnicos autóctonos.
  - B) Medidas de apoio a gandeiros, ás súas asociacións e federacións, para o desenvolvemento de programas de estudo, fomento e difusión das súas razas gandeiras e programas de traballo.
  - C) Medidas de apoio a asociacións de gandeiros e ás súas federacións para a realización do control de rendementos do gando e xestión de libros xenealóxicos como ferramenta de incorporación ao sector gandeiro de criterios máis eficientes de manexo da explotación e potenciación da utilización de razas gandeiras autóctonas.

- D) Medidas de apoio a asociacións de gandeiros para o desenvolvemento de programas de xestión zootécnica nas explotacións para a mellora da eficacia dos sistemas produtivos, buscando garantir a viabilidade económica das explotacións;
  - E) Apoio a gandeiros para o desenvolvemento de programas de cría de animal definidos polas asociacións de criadores, que teñan por obxecto a aplicación a nivel de explotación de prácticas ou técnicas innovadoras nesta materia.
  - F) Realización de actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego, acompañadas de acordos de colaboración en materia de obtención de reprodutores de nivel xenético sobresaínte e potenciación do aproveitamento de recursos naturais mediante o fomento de razas gandeiras autóctonas adaptadas ao medio físico.
6. Mellora da calidade do leite, para apoio, tanto dos produtores coma dos primeiros compradores na realización de programas para establecer unha trazabilidade do produto e garantir ante o consumidor un leite seguro.
  7. Incorporación de medidas de respecto ao medio ambiente mediante accións encamiñadas á utilización correcta dos recursos propios das explotacións, xurros, compost, etc..., que permitan unha redución dos gastos e a posibilidade de acceso a axudas pola súa aplicación.
  8. Ordenación dos aproveitamentos gandeiros das superficies de montes comunais potenciando a utilización das razas gandeiras autóctonas.
  9. Potenciación da produción propia de sementes e plantas de viveiro garantidas (forraxeiras, millo e trigos) e ampliación a outras especies das que temos gran consumo e nula produción (caso da pataca).
  10. Elaboración de estudos para a ordenación dos cultivos agrarios e as súas producións comarcais co fin de ampliar a información dispoñíbel para a toma de decisións futuras en canto ás liñas de actuación, tanto en materia de ordenación da produción agraria, coma en infraestruturas e actividades extraagrarias complementarias.
  11. Implantación de medidas para o control dos patóxenos dos vexetais por medios respectuosos co medio ambiente a través de agrupacións (ATRIAS e ADVS) e

aplicación de medidas de forma racional, so cando sexan necesarias, mediante o control preventivo a través das estacións de avisos.

12. Medidas para o fomento de métodos de produción compatíbeis co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección do consumidor e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas dos produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “produción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
13. Potenciar ciclos integrais propios de cultivos, mellorando a estabilidade e as súas rendas, no que o produtor non sexa unicamente un abastecedor de materias primas, senón transforme ou elabore os seus produtos.
14. Creación de liñas de potenciación de servizos técnicos cualificados de xestión das actividades máis especializadas dos cultivos (control de patóxenos, fertilización, poda, etc.).

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

## **PROGRAMA 614D. MOBILIDADE DAS TERRAS IMPRODUTIVAS**

### 1. Descrición.

As fortes deficiencias que persisten na agricultura galega fan urxente a adopción dunha enérxica política de reforma das estruturas agrarias mudando a pasividade que se veu mantendo ata o de agora neste ámbito desde a Administración.

A gandaría galega ligada á terra ten un peso importante na economía galega, e ademais é a principal actividade económica xeradora de rendas de moitas familias nas comarcas da Galiza interior. A fertilidade do solo galego constitúe unha vantaxe



comparativa da que dispón Galiza. Segundo os datos estatísticos publicados por organismos públicos, a produtividade do solo medida en marxe bruta por hectárea de superficie agraria útil e expresada en UDES só é superada polas comunidades autónomas de orientación hortícola que contan cun clima subtropical: Canarias, Comunidade Valenciana, Murcia e Catalunya.

Porén a media da dimensión territorial das explotacións agrarias galegas figura entre as menores do Estado, ficando unicamente por baixo de Canarias e Valencia, que se caracterizan por seren modelos agrícolas moi intensivos. Como consecuencia desta escasa dimensión territorial, as explotacións agrogandeiras galegas ocupan o derradeiro posto en dimensión económica tanto en marxe bruta por explotación coma por ocupado. Así mesmo, a superficie agraria útil no conxunto de Galiza diminúe, representando apenas o 22% da superficie total face á porcentaxe do 51 % que representa no conxunto do Estado español.

Ante esta situación, nos orzamentos xerais de Galiza para o vindeiro 2006 iniciase por primeira vez, máis con vocación de continuidade este programa de mobilidade de terras agrarias que arbitra medidas destinadas a reformar e ordear as estruturas agrarias de Galiza, favorecendo a mobilidade da terra de maneira que as explotacións agrarias dispoñan das fincas infrautilizadas e aumenten a súa base produtiva. O instrumento básico do programa é o Banco de Terras de Galiza, un organismo público de intermediación para favorecer o uso de terras dentro das explotacións agrarias, cuxa definición e concreción ultimarase a través dunha lei que se presentará e debatirá ao longo do vindeiro ano no Parlamento de Galiza.

## 2. Actividades.

1. Elaboración de estudos para acometer unha regulación específica dos usos das terras agrarias e a ordenación de cultivos en Galiza, tendo de conta as aptitudes produtivas dos solos e as condicións socio-económicas de cada comarca.
2. Estimular a posta en produción das terras agrarias infrautilizadas a través de cesións a agricultores en activo titulares de explotacións agrarias viábeis.

3. Realización de análises e estudos para a posta en marcha do Banco de Terras de Galiza, e daquelas actuacións necesarias para a súa posta en marcha ao longo de 2006, ao que se incorporarán as terras agrarias ociosas, ben sexan infrautilizadas ou abandonadas e que terán como destino exclusivo a ampliación da base territorial das explotacións galegas que o precisen, para acadar un maior grao de viabilidade e o asentamento de novas explotacións agrarias consideradas prioritarias.
4. Impulso da transformación en pastos e labradío de superficies incultas e de monte aptas para eses usos, co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións de cara a reducir a dependencia externa na alimentación animal.
5. Fomento da forestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas, establecendo unha adecuada selección de especies e procurando un equilibrio entre a función produtiva e a protectora do monte.
6. Incentivar as iniciativas privadas entre particulares que permitan completar a acción pública en materia de ampliación da base territorial das explotacións galegas.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

## **PROGRAMA 615A. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS**

### 1. Descrición.

As producións agrarias necesitan ter acceso aos mercados de forma competitiva para garantir a súa viabilidade económica e social. Para iso é necesario desenvolver actuacións de ordenación das producións agrarias, apoio á comercialización e promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e de mellora das industrias e dos mercados agrarios.

Nese sentido ten interese estratéxico para Galiza a potenciación do sistema de protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas, por permitir a diferenciación das producións e a mellora das rendas dos produtores xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado. Ademais a elaboración deses produtos permite viabilizar as pequenas producións, moitas delas artesanais, que doutra forma terían difícil acceso ao mercado.

Por iso a potenciación das denominacións de calidade, permite favorecer a fixación da poboación nas zonas de produción, maioritariamente rurais, na medida en que dinamiza a súa actividade económica e o mantemento e xeración de emprego.

## 2. Actividades.

1. Realización de campañas xenéricas de promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
2. Organización e participación en feiras e certames comerciais do sector agroalimentario.
3. Preparación, organización e execución das xornadas técnicas e estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
4. Investimentos no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.
5. Axuda a investimentos de mellora da produción, industrialización e comercialización de produtos agrarios, e contratación de equipamentos e servizos para a mellora da xestión de axudas.
6. Apoio financeiro ao funcionamento dos consellos reguladores e órganos rectores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, denominacións específicas, e denominacións xenéricas).
7. Apoio á mellora dos mercados agrarios.
8. Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.

## 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

## **PROGRAMA 422D. DESENVOLVEMENTO RURAL**

### 1. Descrición.

A finalidade deste programa é, por unha banda, a reorganización das estruturas agrarias, coa finalidade de lograr explotacións viábeis, e amparar as accións destinadas ao desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais.

Os traballos de concentración parcelaria iniciáronse en Galiza no ano 1954. Ata 1990 realizouse a concentración en 523 zonas, cunha extensión de terreos concentrados de 194.952 ha. e afectando a 184.752 propietarios. En 1990 a entón denominada Consellaría de Agricultura, Gandería e Montes, á vista das numerosas solicitudes existentes, estableceu un plan que, a día de hoxe, supuxo a finalización dunha superficie aproximada de 420.000 ha. que afectan a 370.000 propietarios.

Aprobada polo Parlamento galego a Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/85, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galiza, esta consellaría está a realizar a adecuación dos procesos de concentración parcelaria xa en marcha ao novo marco legal coa introdución dos plans de aproveitamento de cultivos, a adopción de medidas de protección do medio ambiente así como evitar o abandono das terras.

Por outra banda, tamén é obxectivo deste programa o desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais para tratar de equiparar o nivel de vida dos habitantes do medio rural co do medio urbano. Neste sentido abórdase a construción e dotación de infraestruturas rurais cuxo destinatarios xenérico é a poboación do medio rural, como a mellora daquelas vencelladas directamente coa actividade agraria, facendo especial mención e incidencia na modernización e mellora dos regadíos de Galiza.

Finalmente, a nova estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural apostou decididamente por coordinar as diversas actuacións de desenvolvemento rural, a fin de lograr unha política neste eido máis coherente e eficaz, evitando as duplicidades e o

gasto innecesario de fondos públicos. Baixo unha mesma unidade, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, aglutínanse os servizos administrativos e entidades dependentes da consellería nesta materia así como os relativos ao desenvolvemento comarcal, pois baixo a actuación unificada preténdese mellorar a coordinación, a cooperación e a eficiencia nas liñas de actuación que van dirixidas ao medio rural.

Xa que logo, desde este programa tamén se procurará a a implantación dun modelo territorial equilibrado, baseado na dinamización das iniciativas e dos recursos locais ou endóxeos de cada comarca, e englobado nunha estratexia global orientada á diversificación da economía local e á busca de alternativas económicas para o medio rural.

## 2. Actividades.

1. Continuación dos traballos da concentración parcelaria, retomando os traballos nas distintas fases, nas 217 zonas en proceso, cunha superficie de 197.844 ha. que se irán incrementando cos decretos de aproximadamente 35 novas zonas que na actualidade están sendo obxecto dos estudos previos de avaliación de impacto ambiental ou en tramitación para obter a declaración de impacto ambiental.
2. Mellora e conservación das obras e redes de camiños inherentes a zonas de concentración parcelaria nas que se requira a materialización sobre o terreo dos proxectos para dotar da infraestrutura axeitada á nova distribución da propiedade.
3. Dotacións de infraestruturas rurais:
  - A) Investimentos destinados á creación e mellora da rede viaria.
  - B) Investimentos para servizos básicos nos núcleos rurais: abastecementos de auga, saneamentos, alumeados, etc..
  - C) Investimentos para a creación, mellora, consolidación e modernización dos regadíos. En concreto, para 2006 está prevista a finalización das obras da transformación en regadío da zona de secano da lagoa de Antela así como a execución de tres novas zonas de regadío na Limia e a modernización na Terra Chá e Val de Lemos.

4. Aprobación de novas actuacións no marco do Programa operativo integrado de Galiza 2000-2006 e continuación da execución das actuacións plurianuais xa en marcha na actualidade.
5. Prórroga das axudas para o acceso á propiedade aos arrendatarios rústicos e asimilados.
6. Financiamento das actividades de Agader e máis da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza e das fundacións para o desenvolvemento comarcal dependentes desta. Nestas actividades encádrase a xestión dos centros comarcais (de exposición e promoción de recursos), que teñen como fin a promoción e divulgación dos recursos endóxenos de cada unha das comarcas galegas.
7. Publicación de estudos socioeconómicos e proxectos estratéxicos de desenvolvemento para cada comarca, así como estudos ou libros que difundan a realidade comarcal.
8. Edición de novos documentos cartográficos, ortofotomapas e fotografía aérea.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Rurais.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Agader.

Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza.

Centros comarcais dependentes das fundacións para o desenvolvemento comarcal.

## **PROGRAMA 422C. PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)**

### 1. Descrición.

A través do programa 422C desenvólvense as accións de loita e de defensa do monte contra os incendios forestais, buscando reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais.

O Plan infoga e o Plan director teñen por obxecto establece-la organización e o procedemento de actuación dos recursos, así como, definir e acadar uns obxectivos de control. Para acadar estes obxectivos, defínense unha serie de accións e actuacións que son artellados en plans.

## 2. Actividades.

1. Plan de prevención, co obxectivo xeral de realizar accións encamiñadas a evitar que o lume se produza e, no caso de producirse, minorar os danos causados.

Para acadar este obxectivo o plan estrutúrase a través de:

### A) Accións dirixidas á poboación:

- a) Regulación da queima de matogueira e restos agrícolas ou forestais dun xeito adecuado, diminuíndo o número de negligencias e o número de queimas sen autorización.
- b) Accións sociolóxicas e de educación ambiental, coas que se pretende achegar á poboación a mensaxe de sensibilización cara ao problema do uso indiscriminado do lume, a través de campañas divulgativas nos colexios e medios informativos de carácter xeral.
- c) Búsqueda de sistemas complementarios e alternativos a prácticas desenvoltas no medio rural e periurbán desencadeantes de procesos de conflictividade social desencadeantes de queimas incontroladas e continuadas no tempo. Pódese mencionar as queimas para renovación de pastos, gando fora de control administrativo, procesos urbanísticos, loita contra procesos de subexplotación, etc..
- d) Accións encamiñadas a recuperar a participación activa da sociedade na prevención contra o lume: mantemento das terras agrarias (agrícolas, gandeiras e forestais) nun uso correcto en función das súas aptitudes agronómicas, recuperando a ordenación do espazo agrario, así como a corresponsabilidade e compromiso social cos medios existentes.

- e) Apoio cos medios materiais e humanos disponibles no medio rural, dando a entender á sociedade a importancia da súa participación activa.
- B) As accións dirixidas ao territorio buscan actuar de forma directa sobre este, a través dos seguintes plans concretos:
- a) Plan de control selectivo do combustible: con este plan trátanse de levar a cabo os traballos correspondentes para romper a continuidade vertical e horizontal do combustible no monte, complementadas con desbroces selectivos, sistemas silvopastorais, discontinuidade do espazo agrario, ordenación das plantación nos espazos rurais, etc..
  - b) Plan de creación e mellora de infraestruturas: con este plan trátase de acadar unha densidade óptima de infraestruturas defensivas con accesos rápidos e seguros ao monte. As ditas infraestruturas viarias deben ir unidas a devasas, puntos de auga, parques de carga , etc. Serán realizadas con criterios de planificación global do espazo agrario integrando os seus usos da forma máis complementaria.
  - c) Plan de vixilancia, detección e disuasión: este plan ten como finalidade principal a rápida detección e confirmación dos lumes e a intensificación da vixilancia preventiva en zonas concretas onde o número de lumes é tradicionalmente elevado.

Inclúense dentro deste plan o funcionamento dos puntos de vixilancia, os vixiantes móbiles e os dous helicópteros que se poñen a disposición da Policía Autonómica para as labores de vixilancia preventiva e disuasoria.

- C) Formación de persoal, co obxectivo de dotar, consolidar ou mellorar a preparación e os coñecementos para o maior desenvolvemento dos cometidos e funcións do persoal, de acordo coas súas misións e categorías.
- D) Investigación: o obxectivo é o reforzo da investigación forestal dos lumes, mediante o método das evidencias físicas e o desdoblamento das 19 brigadas de investigación forestal na campaña.



Na loita contra o lume, a investigación vén a reforzar os plans anteriores e caracterízase polo contacto continuo e a colaboración cos corpos e forzas do Estado, de cara ao avance na motivación e na causalidade que evidencie cal é o fin último perseguido polo incendiario.

E) Estudos e traballos técnicos, baixo o obxectivo de conseguir a maior eficacia técnica, mediante a formación e estudo de novas tecnoloxías, a través do reforzamento dos estudos dos centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia así como convenios ou proxectos compartidos con outros centros especializados na materia.

2. Plan de extinción, que desenvolve todo o relacionado co operativo de extinción, tanto terrestre coma aéreo, establecendo protocolos de funcionamento de todos os medios implicados, tanto da Administración autonómica como da local baixo un mando único. De acordo cos principios de intervención rápida, acción de conxunto e concentración de esforzos en función do risco de lumes segundo épocas de perigo e zonas, os obxectivos do plan son:

A) Reducir as superficies queimadas polo lume e mantelas por debaixo das 3 has..

B) Reducir a superficie arborada queimada por lume e mantela por debaixo de 1 ha..

C) Reducir o número de lumes e mantelo por debaixo da media dos últimos 5 anos.

D) Reducir o tamaño dos lumes, mantendo as porcentaxes de:

- Lumes de 0-1 ha. > 70% .

- Lumes 25 has. < 2%.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

**PROGRAMA 614C. ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN E  
DESENVOLVEMENTO DO SECTOR FORESTAL (PLAN  
FORESTAL DE GALICIA)**

**1. Descrición.**

Este programa financia os investimentos destinados ao cumprimento dos obxectivos dentro da política forestal da consellería, consolidando a xestión forestal sostible de xeito que sexa posible compatibilizar e desenvolver o carácter multifuncional dos nosos espazos forestais, conservando e protexendo a súa biodiversidade.

**2. Actividades.**

**1. Produción e mellora de semente e planta forestal.**

A selección dos materiais forestais de reprodución e a mellora xenética son os instrumentos para alcanzar individuos máis adaptados ao medio natural no que serán instalados e ás demandas da industria de transformación e comercialización, así como máis resistentes aos ataques de axentes patóxenos. Deste xeito, continuarase coa liña de mellora de hortos sementeiros e bancos clonais así como coa recollida de semente e produción de planta. Asemade continuará a implantación do rexistro galego de materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución, creado no ano 2004.

**2. Tratamentos silvícolas.**

A realización de traballos silvícolas nos montes xestionados pola Comunidade permite mellorar o estado de conservación das masas forestais e a súa capacidade produtiva, incrementando asemade o seu grao de protección fronte ao risco de lumes.

Preténdese continuar coa liña iniciada en exercicios anteriores focalizando os investimentos nas 50.000 has. de montes xestionados que acadaron no mes de agosto

de 2004 a certificación forestal. En segundo lugar, darase prioridade os investimentos en montes con plans de xestión aprobados, de forma que as actuacións programadas teñan a súa base nun documento técnico redactado con criterios de xestión forestal sostible.

### 3. Infraestruturas forestais e de divulgación e uso público.

O plan de activación forestal promovido pola consellaría pretende, neste apartado, potenciar e impulsar a posta en marcha de plans de ordenación de usos dos montes mediante a creación de peches para o control do gando en zonas de especial carga gandeira. Por outra banda, continuarase coa execución dos investimentos en infraestruturas forestais previstos para os montes xestionados pola consellaría con certificado de xestión sostible aprobado e en montes con plan de xestión, dando desposta ás necesidades establecidas neles.

### 4. Repoboacións forestais.

As accións de reforestación experimentarán un forte impulso durante o ano 2005 co obxectivo de repoñer o voo en zonas recentemente aproveitadas e para a recuperación de superficies queimadas. Asemade iniciárase unha nova liña de actuación promovendo a creación de agrupacións forestais principalmente en zonas de concentración parcelaria de solo forestal para a repoboación nesas superficies.

Como nos apartados anteriores, as obrigas derivadas da certificación forestal e dos plans de xestión terán prioridade para a asignación de investimentos e a súa contratación farase fundamentalmente mediante concurso público.

### 5. Defensa contra pragas forestais.

Levaranse a cabo investimentos para o tratamento e diagnóstico de enfermidades e doenzas así como para o tratamento químico e biolóxico das máis importantes, de xeito que o desenvolvemento sostible dos bosques sexa garantido mediante a aplicación de medidas de tipo preventivo e en último caso de tipo curativo.

**6. Deslindamentos.**

Potenciaranse os estudos previos encamiñados a facilitar o deslindamento das comunidades de montes veciñais en man común e acometeranse os deslindamentos administrativos que axuden á protección da propiedade nos montes veciñais en man común, establecendo os seus límites e aclarando as posibles dúbidas xurdidas entre comunidades e particulares.

**7. Ordenacións e plans técnicos forestais en montes veciñais en man común e outros con contrato de xestión.**

O plan de activación forestal promovido pola consellería pretende, neste apartado, potenciar e impulsar a posta en marcha de plans de ordenación de usos dos montes mediante a creación de peches para o control do gando en zonas de especial carga gandeira. Por outra banda continuarase coa execución dos investimentos en infraestruturas forestais previstas para os montes xestionados pola consellería con certificado de xestión sostible aprobado e en montes con plan de xestión, dando resposta ás necesidades establecidas neles.

**8. Sinalamentos.**

Procederase ao marcado, cubicación e taxación dos pes, que serán aproveitados có obxecto de cumprir cós obxectivos de saca de madeira que establecen os plans de xestión sostible.

**9. Infraestruturas forestais: aulas forestais e viveiros.**

Para desenvolver as iniciativas de divulgación e concienciación da sociedade galega sobre a importancia dos espazos forestais continuarase a construción da aula forestal de Baleira, coa rehabilitación, como aula forestal, dun antigo serradoiro hidráulico de Covelo e coa Casa do Eucalipto en Mondoñedo. Iniciarase ademais a construción do centro de manexo e control do material forestal de reprodución de Galicia e do centro de formación en materia de incendios cun observatorio para defensa dos montes contra os incendios forestais.

**10. Adquisicións para procesos de información.**

Os investimentos estarán destinadas á modernización e mellora dos sistemas informáticos e continuar co desenvolvemento das aplicacións para a xestión de axudas e de investimentos directos.

**11. Estudos e programas de formación para o desenvolvemento forestal.**

Durante este ano porase en marcha o proxecto Navi “Natureza Viva”: Proxecto transfronteirizo de ordenación dos usos do monte periurbano nos municipios de Vigo e Vila Nova de Cerveira. O proxecto consiste na elaboración de instrumentos de planeamento que promovan o uso sostible destes dous espazos a través dun programa de creación de emprego e aproveitamento racional dos recursos económicos, sociais e culturais.

Financiaranse asemade as actividades, documentos e publicacións deseñadas para a formación e divulgación da cultura forestal así como as de fomento da comercialización dos produtos. Continuaranse os traballos de control das axudas comunitarias e de fomento da certificación forestal.

**12. Axudas de fomento da forestación de terras agrícolas.**

Destinadas a promover a creación de masas forestais en terras agrícolas, contribuindo a que o monte sexa unha fonte alternativa de renda tendo en conta o prazo dos ingresos xerados polos bosques e as explotacións agroforestais. Estas masas forestais contribúen a redución do “efecto invernadoiro” e á absorción do dióxido de carbono.

As accións obxecto de axuda inclúen os custos de establecemento, coidados culturais e perda de renda, debidas ao cambio de uso agrícola a forestal así como as posibles novas plantacións e obras complementarias para a súa viabilidade.

**13. Fomento da silvicultura e da ordenación de montes arborizados.**

As axudas de fomento da silvicultura e da ordenación de montes destínanse á promoción de accións que garantan a persistencia e optimización da produción dos montes. Pretenden a mellora das masas forestais existentes con especial atención á

consolidación dos bosques de frondosas autóctonas e á consecución de montes con producións elevadas e de calidade que posibiliten o desenvolvemento da industria de transformación da madeira.

Entre outras actuacións destinaranse axudas á redacción de proxectos de ordenación e plans técnicos, revisións e adaptacións de plans de xestión á normativa vixente, clareos en rexenerados naturais de coníferas, podas e desbroces en masas de coníferas, tratamentos en masas de frondosas autóctonas, rexeneración de soutos, cambio de especie de masas de eucalipto danadas polo *Gonipterus* e repoboación de zonas arboradas queimadas.

#### **14. Mellora da comercialización de produtos silvícolas.**

A promoción da comercialización dos produtos forestais e o incremento do valor engadido dos produtos da madeira contribúen á mellora dos ingresos para o financiamento dos investimentos no monte.

A competencia doutros materiais e a crecente demanda de novos requisitos tecnolóxicos para os produtos manufacturados a partir da madeira fan necesario o desenvolvemento e implantación de melloras que permitan dinamizar a cadea comercializadora. Para conseguilo se fomentan a través destas axudas melloras nos medios de produción e na calidade empresarial.

#### **15. Accións sectoriais para a mellora da comercialización de produtos silvícolas.**

As axudas destínanse ao financiamento de actividades para a mellora da cualificación dos directivos e dos traballadores, de promoción xenérica e estudos sectoriais que aporten transparencia e información no mercado de produtos silvícolas, tales como: incentivos para a realización de estudos técnicos e de mercado, accións de formación e promoción de feiras e exposicións como foro divulgador dos avances do sector.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

## **PROGRAMA 712B. APOIO Á MODERNIZACION EMPRESARIAL E MELLORA DA COMPETIVIDADE NOS SECTORES INDUSTRIAL E DE SERVIZOS**

### **1. Descrición.**

As industrias de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias para viabilizar e dar valor engadido ás producións agrarias, base das zonas rurais galegas. O seu mantemento e potenciación favorece a pervivencia das explotacións agrarias e do tecido económico que as rodea nas zonas rurais, favorecendo ademais a creación de emprego directo.

Por todo iso cómpre apoiar con carácter xeral aos procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galego.

### **2. Actividades.**

1. Apoio á creación de novas industrias agrarias prioritariamente en zonas desfavorecidas.
2. Apoio á mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes favorecendo a mellora da calidade e o valor engadido das producións.
3. Apoio aos investimentos na mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
4. Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

### **3. Órgano encargo da súa execución.**

Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

## **PROGRAMA 322L. CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGRARIA**

### **1. Descrición.**

O obxectivo principal deste programa é, en xeral, a mellora da formación das persoas vinculadas co medio rural, e de xeito máis concreto, a mellora do grao de profesionalización de agricultores e técnicos que actúan no sector por medio da formación continua, así como transferir as innovacións técnicas e tecnolóxicas procedentes da investigación, favorecendo a adopción de sistemas de produción agroforestal competitiva e respectuosa co medio ambiente, satisfacendo as demandas dos consumidores en materia de calidade e seguridade alimentaria, e tendo en conta os cambios debidos ás novas demandas medioambientais da sociedade. Na execución do programa, realizado mediante cursos de diversa duración e ensaios de demostración, participan técnicos do servizo de transferencia tecnolóxica, as escolas de formación e experimentación (EFEAs) e as oficinas agrarias comarcais (OACs) da Consellaría do Medio Rural, polo que o seu ámbito exténdese a todo o territorio galego. A esta actuación súmanse preto de 90 cursos de accións formativas complementarias para agricultores e as súas familias impartidas por asociacións sen ánimo de lucro vencelladas ao sector agrario. Ao igual ca no caso da formación regrada, nas EFEAs de Lourizán, Becerreá e Sergude impártense cursos dirixidos á prevención e loita contra incendios forestais, que serán incrementados, do mesmo xeito ca os proxectos de demostración de semellante orientación.

### **2. Actividades.**

1. Atender os gastos xerais de mantemento e conservación dos centros de formación e experimentación agraria e das unidades locais de formación agraria dependentes da consellaría.
2. Dotación de novas instalacións aos centros de formación e fincas de prácticas, experimentación e investigación da Consellaría do Medio Rural, acometer a mellora e substitución de equipamentos obsoletos de mobiliario dos centros e a adquisición de materia necesario para realizar as funcións de formación agraria.



3. Financiar a renovación de maquinaria dos centros dependentes da Consellería do Medio Rural en materia de formación, experimentación e investigación agroforestal, así como a adquisición de novos equipos que incorporen os recentes avances tecnolóxicos, co fin de mellorar a realización das labores propias das citadas institucións.
4. Continuar co establecemento de campos de ensaio e demostración, dentro do proceso de transferencia tecnolóxica espallados polas distintas comarcas agrarias de Galicia, de acordo coas necesidades actuais de innovacións das explotacións e a introdución de alternativas viables ás actividades agrícolas e gandeiras tradicionais dentro dun marco sostíbel.
5. Incrementar a oferta de cursos de formación continuada dacordo coas necesidades dos agricultores facilitando a súa posibilidade de asistencia, tanto nos propios centros de formación e experimentación agraria coma nos descentralizados, preferentemente con agricultores mozos en período de instalación, e adaptando a súa duración ás necesidades das materias impartidas.
6. Ampliar a oferta formativa e a calidade da formación nos centros de formación e experimentación agraria, incluíndo todos os ciclos formativos agrarios de grao medio e superior.
7. Ampliar a oferta de cursos relacionados coa agricultura e gandaría sostíbel, coa xestión dos residuos xerados, coa manipulación de produtos fitosanitarios, praguicidas e produtos de uso gandeiro de xeito compatible co medio ambiente, e sobre técnicas modernas e específicas a introducir para mellorar o manexo do gando orientado a garantir o benestar dos animais.
8. Impartir cursos de formación continua, a desenvolver polas unidades periféricas de formación e experimentación agraria ou institucións sen fins de lucro en localidades das diferentes comarcas galegas, tratando sobre temas divulgativos e de formación agraria xeral para os agricultores e as súas familias.
9. Homologación, seguimento e avaliación de cursos de aptitude empresarial impartidos polas organizacións profesionais ou organismos con competencia en formación agraria.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación.

## **PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

### 1. Descrición.

As actividades de investigación agraria desenvolvida polos centros dependentes da Consellería do Medio Rural (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galiza, ambos na provincia de A Coruña, e Estación de Viticultura e Enoloxía de Leiro, na provincia de Ourense, coas súas fincas experimentais anexas) teñen unha función eminentemente aplicada e finalista, dirixida á resolución de problemas concretos do sector agroindustrial galego. As diferentes liñas de actuación, financiadas na súa meirande parte mediante proxectos competitivos, están principalmente dirixidas á valorización das producións agrarias das explotacións galegas con clara orientación á agricultura familiar, no marco de procesos produtivos sustentábeis e compatíbeis co mantemento do medio ambiente. Son obxecto de atención preferente a preservación e mellora dos recursos fitoxenéticos, a sanidade animal e vexetal, a caracterización e mellora da calidade dos produtos frescos e transformados e a mellora dos estándares de seguridade dos alimentos de consumo animal e humano.

Son misións estratéxicas do programa propiciar e facilitar a transferencia e adopción dos resultados da investigación, elevar o nivel tecnolóxico dos sectores produtivos por medio de programas de formación e transferencia de tecnoloxía, e proporcionar ao complexo agroindustrial galego o soporte científico e tecnolóxico necesario para o seu desenvolvemento sustentábel. Do cumprimento destes obxectivos, a partir de actuacións inxeridas na política agraria galega, depende a competitividade futura do sistema alimentario galego e as posibilidades reais de promover un desenvolvemento rural sustentábel e a fixación de poboación no rural.

## 2. Actividades.

1. Redacción e realización de proxectos de investigación nos eidos agrario e agroalimentario.
2. Transferencia tecnolóxica dos resultados dos proxectos de investigación.
3. Conservación e posta ao día da información científica relevante ao sector agrario, de utilidade investigadora e xeral.
4. Formación de novo personal investigador e reciclaxe do existente, e dotación de fondos para bolsas de prácticas para estudantes posgraduados e de último ciclo en tarefas de investigación aplicada e para establecer convenios con grupos de investigación universitarios que permita a investigación interdisciplinar en materia agroforestal.
5. Dotación e mantemento da infraestrutura de investigación necesaria, tanto en termos territoriais, coma de maquinaria, instalacións, equipamento científico, e informático, a fin de mellorar a capacidade analítica dos laboratorios dos centros de investigación dependentes da Consellería do Medio Rural.
6. Recuperación e conservación de recursos fitoxenéticos, en particular dos autóctonos.
7. Realización de proxectos de demostración en colaboración co persoal das EFEAs, OACs e do servizo de transferencia tecnolóxica, en colaboración con agricultores, silvicultores, asociacións e empresas do sector agroforestal en materias de interese estratéxico da Consellería do Medio Rural.
8. Publicación e asistencia a foros científicos para difundir e coñecer os resultados das investigacións, innovacións de futuro, así como realización de estudos e análise estatística dos resultados experimentais.

## 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia de Leiro

Subestacións de Ribadumia e de Salceda de Caselas.

## **PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICAS**

### **1. Descrición.**

O servizo de transferencia tecnolóxica, estudos e publicacións ten atribuído, entre outros cometidos, a realización da programación, coordinación, seguimento, execución, análise e publicación de resultados dos ensaios e proxectos de experimentación e demostración no ámbito agroforestal, así como a realización dos estudos relativos ao sector agrario que se lle encomenden, dentro do ámbito da Consellería do Medio Rural. Así mesmo dirixe e coordina as publicacións e edicións audiovisuais e, en coordinación co Instituto Galego de Estatística e as unidades de estatística dos servizos provinciais da Consellería do Medio Rural, dirixe e facilita a formación de estatísticas nas materias de competencia daquela.

### **2. Actividades.**

1. A realización de estatísticas recollidas no Plan galego de estatística: macromagnitudes agrarias, prezos agrarios, anuario de estatísticas agrarias, censo de maquinaria agraria, avance de superficies e producións agrarias, estatística de sacrificio de gando, prezos da terra, directorio avícola, subsector avícola, sector hortoflorícola, rendementos de cultivos, enquisa de ovino e caprino.
2. A realización de enquisas para seren incluídas no Programa estatístico anual para 2006: enquisa de gando porcino e enquisa do subsector cunícola.
3. Os informes e análises estatísticos promovidas desde o Instituto Galego de Estatística: enquisa de bovino, contas da industria agroalimentaria, produción e prezos do leite, censo de explotacións gandeiras galegas, censo agrario, enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias, adaptación de sistemas de información xeográfica.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS							TOTAL
	01	02	03	04	05	06	90	
322L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGRARIA					6.946,4			6.946,4
322S FORMACIÓN PROFESIONAL. F.S.E.					2.406,8			2.406,8
422C PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)						69.577,7		69.577,7
422D DESENVOLVEMENTO RURAL		61.974,0		10.714,3				72.688,3
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA					5.970,0			5.970,0
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					169,3			169,3
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE AGRICULTURA	23.698,7							23.698,7
612A PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA			3.831,9					3.831,9
612C DINAMIZACIÓN, VALORIZACIÓN E FIXACIÓN DE POBOACIÓN DO MEDIO RURAL			7.048,5	16.840,4				23.888,9
613A SANIDADE VEXETAL E ANIMAL			55.936,4		1.309,5			57.245,9
614A ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA		94.536,8	27.199,9				62.663,7	184.400,4
614C ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL DE GALICIA)						55.686,7		55.686,7
614D MOBILIDADE DAS TERRAS IMPRODUTIVAS		6.766,7				1.840,3		8.606,9
615A REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS			16.345,6					16.345,6
712B APOIO Á MODERN.EMPRES. E MELLORA DA COMPET. NOS SECT. INDUST.E DE SERVIZOS			37.684,3					37.684,3
<b>TOTAL</b>	<b>23.698,7</b>	<b>163.277,5</b>	<b>148.046,6</b>	<b>27.554,7</b>	<b>16.802,0</b>	<b>127.104,7</b>	<b>62.663,7</b>	<b>569.147,9</b>

(Miles de euros)

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					TOTAL
	I	II	IV	VI	VII	
322L CAPACITACION E EXTENSION AGRARIA	2.248,5	731,8	580,0	3.386,1		6.946,4
322S FORMACIÓN PROFESIONAL. F.S.E.	2.406,8					2.406,8
422C PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	27.389,8	3.660,0		24.876,4	13.651,5	69.577,7
422D DESENVOLVEMENTO RURAL	5.625,6		9.000,5	56.651,4	1.410,8	72.688,3
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACION TECNOLÓXICA	3.591,4	573,7	254,4	1.550,4		5.970,0
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				169,3		169,3
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE AGRICULTURA	12.656,1	2.455,1	1.900,0	6.687,5		23.698,7
612A PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA			165,3		3.666,7	3.831,9
612C DINAMIZACIÓN, VALORIZACIÓN E FIXACIÓN DE POBOACIÓN DO MEDIO RURAL				1.700,0	22.188,9	23.888,9
613A SANIDADE VEXETAL E ANIMAL	22.065,9	655,5	925,0	27.091,9	6.507,6	57.245,9
614A ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA	3.355,0	1.004,6	460,3	8.829,8	170.750,8	184.400,4
614C ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	20.359,7			13.630,2	21.696,9	55.686,7
614D MOBILIDADE DAS TERRAS IMPRODUTIVAS				5.966,7	2.640,3	8.606,9
615A REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E MERCADOS AGRARIOS	2.308,2	35,3	790,0	2.812,1	10.400,0	16.345,6
712B APOIO Á MODERN.EMPRES. E MELLORA DA COMPET. NOS SECT. INDUST.E DE SERVIZOS					37.684,3	37.684,3
<b>TOTAL</b>	<b>102.006,8</b>	<b>9.115,9</b>	<b>14.075,6</b>	<b>153.351,9</b>	<b>290.597,6</b>	<b>569.147,9</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

<b>01</b>	<b>SECRETARÍA XERAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	12.656,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.455,1
Cap. IV	Transferencias correntes	1.900,0
Cap. VI	Investimentos reais	6.687,5
<b>TOTAL</b>		<b>23.698,7</b>

(Miles de euros)

<b>02</b>	<b>D. X. DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	5.411,8
Cap. VI	Investimentos reais	63.100,5
Cap. VII	Transferencias de capital	94.765,2
<b>TOTAL</b>		<b>163.277,5</b>

(Miles de euros)

<b>03</b>	<b>D. X. DE PRODUCCIÓN, INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALI.</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	23.214,6
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	849,6
Cap. IV	Transferencias correntes	2.150,3
Cap. VI	Investimentos reais	36.552,8
Cap. VII	Transferencias de capital	85.279,3
<b>TOTAL</b>		<b>148.046,6</b>

(Miles de euros)

<b>04</b>	<b>D. X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	213,8
Cap. IV	Transferencias correntes	9.000,5
Cap. VI	Investimentos reais	750,0
Cap. VII	Transferencias de capital	17.590,4
<b>TOTAL</b>		<b>27.554,7</b>

(Miles de euros)

<b>05</b>	<b>D. X. DE INVESTIGACIÓN, TECNOLOXÍA E FORMA. AGROFO.</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	9.406,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.305,5
Cap. IV	Transferencias correntes	834,4
Cap. VI	Investimentos reais	5.255,9
<b>TOTAL</b>		<b>16.802,0</b>

(Miles de euros)

<b>06</b>	<b>D. X. DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	47.749,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	3.660,0
Cap. VI	Investimentos reais	38.506,6
Cap. VII	Transferencias de capital	37.188,7
<b>TOTAL</b>		<b>127.104,7</b>

(Miles de euros)

<b>SERVIZO</b>	<b>2006</b>
01 SECRETARÍA XERAL	23.698,7
02 D. X. DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS	163.277,5
03 D. X. DE PRODUCCIÓN, INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALI.	148.046,6
04 D. X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	27.554,7
05 D. X. DE INVESTIGACIÓN, TECNOLOXÍA E FORMA. AGROFO.	16.802,0
06 D. X. DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS	127.104,7
90 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	62.663,7
<b>TOTAL</b>	<b>569.147,9</b>

(Miles de euros)

<b>90</b>	<b>FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	3.355,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	845,8
Cap. IV	Transferencias correntes	190,3
Cap. VI	Investimentos reais	2.498,5
Cap. VII	Transferencias de capital	55.774,2
<b>TOTAL</b>		<b>62.663,7</b>

(Miles de euros)



## Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	98.651,9	3.355,0		102.006,8
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	8.270,2	845,8		9.115,9
Cap. IV Transferencias correntes	18.226,3	190,3	4.341,0	14.075,6
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	125.148,3	4.391,0	4.341,0	125.198,3
Cap. VI Investimentos reais	150.853,4	2.498,5		153.351,9
Cap. VII Transferencias de capital	293.096,1	55.774,2	58.272,7	290.597,6
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	443.949,5	58.272,7	58.272,7	443.949,5
TOTAL BRUTO	569.097,9	62.663,7	62.613,7	
<b>TOTAL CONSOLIDADO</b>	<b>569.097,9</b>	<b>62.663,7</b>	<b>62.613,7</b>	<b>569.147,9</b>

(Miles de euros)

## Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
XENÉTICA FONTAO	2.295,0	385,0	2.680,0
AXENCIA G. DESENV. RURAL	20.023,0	41,0	20.064,0
S.A. DE DESENVOLV. COMARCAL	6.390,0	1.600,0	7.990,0

## Medios persoais

### Consellería

	<b>2006</b>
<i>Altos cargos</i>	11
<i>Persoal funcionario</i>	1.801
Grupo A	567
Grupo B	381
Grupo C	638
Grupo D	202
Grupo E	13
<i>Persoal laboral</i>	1.845
Grupo I	5
Grupo II	9
Grupo III	313
Grupo IV	324
Grupo V	1.194
<i>Outro persoal</i>	49
<b>TOTAL</b>	<b>3.706</b>

### Fondo Galego de Garantía agraria

	<b>2006</b>
<i>Altos cargos</i>	1
<i>Persoal funcionario</i>	94
Grupo A	37
Grupo B	18
Grupo C	18
Grupo D	19
Grupo E	2
<i>Persoal laboral</i>	18
Grupo III	6
Grupo IV	7
Grupo V	5
<b>TOTAL</b>	<b>113</b>